

AXUDAS PREDOUTORAIS- XUNTA DE GALICIA 2024
PROCEDIMENTO PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

O 19/02/2024 publícase do DOG a *ORDE do 27 de decembro de 2023, conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do Sistema universitario de Galicia pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2024.*

O texto completo da convocatoria pode ser consultado no seguinte enlace: [Convocatoria axudas predoutorais_2024](#)

É responsabilidade da persoa que presente a súa candidatura ler con atención as bases que rexen a convocatoria e comprobar se reúne os requisitos.

Dado que o procedemento de solicitude consta de varias fases, co gallo de ordenar o proceso e facilitar a correcta presentación de candidaturas, é necesario seguir as instrucións establecidas nesta circular.

CALENDARIO PARA A TRAMITACIÓN		
DATA LÍMITE	TRÁMITE	MEDIO DE ENVÍO
28/02/2024	Enviar a declaración de interese	Sede electrónica Uvigo
06/03/2024	Enviar por correo electrónico a certificación de subvención do grupo ao que pertence a persoa que dirixe a tese de doutoramento debidamente cuberto para a súa sinatura pola vicerreitora de Investigación. (artigo 6.2.a)	Mensaxe electrónica a vicinva1@uvigo.gal
13/03/2024	Compartir o borrador da candidatura na sede de Xunta coa Universidade de Vigo (e correo electrónico).	Sede electrónica Xunta de Galicia (Correo electrónico: seccion.rrhh.investigacion@uvigo.gal)

Segundo o artigo 5.1, é necesaria a sinatura electrónica con certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados que deban asinar as persoas representantes das entidades solicitantes e as candidatas propostas.

TRÁMITES A REALIZAR POR QUEN PRESENTA A CANDIDATURA

1. FASE PRESOLICITUDE

Quen presente unha candidatura debe enviar a **través da sede electrónica da Universidade de Vigo**, mediante unha instancia xenérica XSER dirixida ao Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento, a documentación que se detalle máis abaixo como moi tarde o **28 de febreiro de 2024**.

1.1 Estudos españois:

- Formulario **DECLARACIÓN DE INTENCIONS** que acompaña a estas instrucións.
- Titulacións da Universidade de Vigo: non deben enviar ningunha documentación.
- Titulacións de fóra da Universidade de Vigo:
 - Copia dos títulos de grao ou equivalente e máster
 - Copia das certificacións académicas oficiais de cada un dos títulos onde conste a data de superación da última materia.

1.2 Estudos estranxeiros:

- Copia dos títulos de grao ou equivalente e máster
- Copia das certificacións académicas oficiais de cada un dos títulos onde conste a data de superación da última materia.
- Equivalencia de notas medias de cada un das titulacións. (Pode consultarse o procedemento neste enlace: [Procedemento de equivalencia estudos estranxeiros](#))

En caso de que se considerase necesario, a Sección de Recursos Humanos de I+D poderá pedir á persoa interesada aclaracións sobre calquera punto ou documentación complementaria.

No caso de persoas que xa se presentaran a convocatorias anteriores para a que tivesen que achegar a mesma documentación que se solicita neste procedemento, non deben remitir ningunha documentación complementaria, só deben sinalar este feito na declaración de intencións.

A declaración de intencións das persoas estranxeiras que non teñan acceso á sede electrónica poderá ser presentada pola persoa que lles dirixe a tese.

2. FASE SOLICITUDE:

A presentación de solicitudes deberá iniciarse por quen presenta unha candidatura a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada>

Unha vez dentro da sede electrónica a través dos medios de identificación que exige a sede, debe introducirse o código do procedemento ED481A no buscador e descargar os **ANEXOS ASOCIADOS**.

Importante: Non introducir o código IN606A que é para entidades alleas ao SUG.

Para iniciar a solicitude, deberá premerse **TRAMITAR EN LIÑA**.

Os formularios deberán encherse seguindo necesariamente as seguintes indicacións:

a) Anexo II. Solicitude.

a.1) O apartado **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE** e **NA SÚA REPRESENTACIÓN** deberá encherse necesariamente con estes datos:

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
Universidad de Vigo						Q8650002B	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
RÚA / CALLE	CAMPUS UNIVERSITARIO LAGOAS-MARCOSENDE			S/N			
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
36310	Pontevedra	Vigo		Vigo			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
986813597		vicinv@uvigo.gal					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
María Belén	Rubio	Armesto	32760551H
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			
Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación			

a.2) O apartado **DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN** deberá encherse necesariamente cos seguintes datos:

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
	vicinv@uvigo.gal

a.3) Se opta á axuda para estadias, deberá indicar este aspecto e a lo menos, a zona á que pertence o país de destino. De non indicar zona, considerarase que a persoa candidata non solicita axuda para estadias.

☒ **ESTADÍAS** (se non indica a zona neste formulario, considerarase que a persoa candidata non solicita a axuda para estadias)

ZONA

☐ ZONA 1☐ ZONA 2☒ ZONA 3

a.5) O apartado **A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA** deberá encherse necesariamente así:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

ANEXO II
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

☒ Esta entidade non solicitou nin se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou d entidades vinculadas ou dependentes delas.☐ Esta entidade si solicitou e/ou se lle concederon, ou están pendentes de resolución de concesión, axudas para a mesma finalidade d distintas administracións públicas competentes, ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, que son as que se relacionan a seguir:

DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO ⁽¹⁾	IMPORTE (€)

Recoméndase autorizar a consulta de comprobación de datos.

3. Na seguinte pantalla aparecerá a **LISTA DE DOCUMENTOS A ANEXAR CO FORMULARIO DE SOLICITUDE** que deben ser anexados por quen presente a súa candidatura:

a) **Anexo III. Declaración asinada pola persoa candidata para ser destinataria de axuda.**

O apartado **E NA SÚA REPRESENTACIÓN** debe deixarse en branco.

Cubrir todos e cada un dos campos requiridos.

No caso das persoas que si solicitaran ou obtiveran outra axuda predoutoral deben encher o recadro necesariamente así, no apartado «A PERSOA CANDIDATA OU REPRESENTANTE DECLARA»:

DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO	IMPORTE
<i>Sinalar o nome da axuda e a entidade financiadora.</i>	<i>As tres opcións son:</i> <i>Concedida</i> <i>Pendente</i> <i>Denegada</i>	UVIGO: 75.000 € FPU: 114.761 € FPI: 111.758 €

b) **Anexo IV. Certificado da persoa designada para dirixir ou codirixir a tese**

c) **Anexo V. Certificación da persoa titular da vicerreitoría competente en materia de investigación.** Trámite a realizar de oficio pola Universidade de Vigo coa documentación entregada segundo o punto 1 deste procedemento. O documento será remitido por correo electrónico á persoa interesada para que sexa achegado á súa candidatura.

d) **Aprobación do proxecto de tese pola Comisión Académica do programa de doutoramento correspondente.** O documento será remitido por correo electrónico á persoa interesada para que sexa achegado á súa candidatura, en caso de que conste como aprobado no programa de xestión académica (Xescampus).

A persoa candidata é a responsable de tramitar a aprobación do seu proxecto de tese pola correspondente comisión académica.

- e) Se é o caso, documentación que acredite os supostos de excepcionalidade previstos no artigo 2 sobre as datas de finalización dos estudos se é o caso.
- f) Certificado que acredite o grao de discapacidade da persoa candidata se non está expedido pola Xunta de Galicia.
- g) **Proxecto de traballo de investigación que se vai realizar para a obtención do grao de doutora** segundo as condicións especificadas no artigo 6.1.g das bases da convocatoria de axudas. Deben ter unha extensión máxima de 4.000 palabras e vir asinado pola persoa investigadora e a persoa designada para dirixir a tese.

Este documento debe estar redactado en galego ou castelán. Se fose redactado noutro idioma, deberá achegarse tradución oficial.

Como mínimo, este documento debe recoller especificamente:

- Obxectivos e contidos básicos do traballo.
- Metodoloxía.
- Planificación temporal.
- Transferencia de resultados.

Ademais, para acreditar os **MÉRITOS** que se aleguen dos recollidos no artigo 6.2, polo que se regulan os criterios de selección das solicitudes, haberá que achegar a seguinte documentación, segundo o caso:

- a) **Certificación de subvención do grupo ao que pertence a persoa que dirixe a tese de doutoramento que se presentará como mérito soamente se están contemplados no recollido no artigo 6.2.a) 1º.**

Para esta certificación debe seguirse o modelo establecido que está accesible no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo no que se debe cubrir todos os datos solicitados e sinalar **cun X unha única opción.**

[Enlace ao taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo](#)

Unha vez cuberto e asinado polas persoas que correspondan debe ser enviado por correo electrónico a vicinva1@uvigo.gal para a sinatura pola vicerreitora de Investigación antes do **6 de marzo de 2024**. Trala sinatura da vicerreitora será remitido por correo electrónico á persoa interesada para que sexa achegado á súa candidatura.

- b) **Memoria da adecuación do proxecto de investigación a un dos retos da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027 (RIS3 Galicia)**, de acordo no indicado no anexo I da orde de convocatoria, asinada pola persoa candidata e pola persoa designada para dirixir a tese. Nesta memoria deberán constar, de forma obrigatoria, a totalidade dos seguintes aspectos:

1. Título do proxecto de investigación.
2. Resumo indicativo do proxecto de tese de doutoramento (cun máximo de 50 palabras).
3. Reto.
4. Prioridade.
5. Ámbito de priorización correspondente ao reto indicado (en relación ao reto e prioridade seleccionadas).

Para esta memoria debe seguirse o modelo establecido que está accesible no taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo chamado «Formulario adecuación RIS3 Galicia». [Enlace ao taboleiro de convocatorias da Universidade de Vigo](#)

A omisión dalgún dos aspectos citados suporá que esta memoria non será puntuada. Débese seguir as instrucións do formulario para poder achegalo á solicitude.

c) Certificado do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira en que figure expresamente o nivel alcanzado de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas segundo o artigo 6.2.c)


d) Acreditación de ter concedida unha bolsa de colaboración nun departamento universitario do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Unha vez comprobado que se ten anexada toda a documentación correspondente a quen presenta a súa candidatura, deberá premerse en **GARDAR**, **NUNCA EN ASINAR E PRESENTAR NO REXISTRO**, posto que nese caso a solicitude non sería válida.

A continuación, premer **SAÍR DA PRESENTACIÓN**. Despois débese acceder á opción **BORRADORES** do menú **OS MEUS PROCEDEMENTOS E BORRADORES** e buscar a solicitude que se está a preparar. Acto seguido, premer en **ACCIÓN>COMPARTIR** e compártilo con SOLICITANTE NO FORMULARIO: UNIVERSIDAD DE VIGO (Q8650002B) o antes posible e como moi tarde o **13 DE MARZO DE 2024**.

En canto se comparta o borrador, débese remitir un correo á Sección de Recursos Humanos de I+D mediante o enderezo seccion.rrhh.investigacion@uvigo.gal. No ASUNTO do correo debe indicarse necesariamente: apelidos e nome da persoa candidata.

É necesario que na sede electrónica, pinchando en OS MEUS DATOS, permitas que te poidan compartir borradores.



Nesta sección pode cambiar as súas preferencias. No caso de tratarse dunha persoa física, a maiores de compartir borrador, poderá cambiar ou rexenerar a súa clave de acceso de Chave365 e descargar diversos certificados expedidos pola Xunta de Galicia dos que vostede sexa titular.

Cambiar preferencias	Descarga de certificados
Cambiar clave de Chave365	Título autonómico de familia numerosa
Borradores:	Certificado de discapacidade
☒ Permíto que me poidan compartir borradores	Lembre que soamente poderá descargar estes certificados se é titular dos mesmos.

Unha vez compartido o borrador deixarás de velo na túa sede.

Segundo o artigo 6.4 da convocatoria «As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.» Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Para calquera aclaración, pódese contactar coa Sección de Recursos Humanos de I+D preferentemente enviando unha mensaxe a seccion.rrhh.investigacion@uvigo.gal co ASUNTO Consulta axudas predoutorais Xunta de Galicia.